



Para o seu coñecemento comunicaselle o contido da Resolución ditada polo Secretario Xeral para o Deporte:

RESOLUCIÓN DO 25 DE ABRIL DE 2014, DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS.

Con data 24 de abril de 2014 tivo entrada nesta Secretaría Xeral para o Deporte o Regulamento electoral aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis o 29 de marzo de 2014, para a súa ratificación definitiva de conformidade co disposto polo artigo 3.1 da Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Unha vez analizado o devandito regulamento e vista a súa adecuación á Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e á Orde do 8 de setembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

RESOLVO: Ratificar conforme a dereito e aprobar o Regulamento electoral da Federación Galega de Tenis.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, en virtude do establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar igualmente dende o día seguinte ao da notificación da presente Resolución, en virtude do disposto polo artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Notifíquese a resolución ao interesado en cumprimento dos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Santiago de Compostela, 25 de abril de 2014. O Secretario Xeral para o Deporte. José Ramón Lete Lasa.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2014.

A Subdirectora xeral de Xestión Deportiva,



María Teresa Rodríguez Lemos.



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/04/2014 10:41:13

SAÍDA 434 / RX 311894



PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS